

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Educación Plástica e Visual de 5º de primaria.

O marco legal desta programación é:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación na ensinanza de educación primaria.
- Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Este centro está ubicado nun concello de tamaño pequeno en canto á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras para a produción de aceite, así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro educativo no que hai matriculados aproximadamente 100 alumnos e alumnas de primaria e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas.

O colexio, que ten horario de xornada mixta, de 9:45 a 16:30 (os luns) e de 9:45 a 14:35 (os martes, mércores, xoves e venres), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Asimesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. O centro ten adxudicada unha auxiliar de conversa para este curso. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. No centro participamos en diversos programas: EDIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

O grupo de 5º de primaria está integrado por 17 alumnos e alumnas (11 nenos e 6 nenas).

Somos un colexio E-DIXGAL, e polo tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 3 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Así pois, estruturamos esta área en 4 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Educación plástica e visual: percepción e análise.
- Educación plástica e visual: creación e interpretación.

- Educación audiovisual: percepción e análise.
- Educación audiovisual: creación e interpretación.

Formúlense 3 unidades didácticas nas que se desenvolverán a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicar emocións	Aprender a interpretar, analizar e valorar o uso das imaxes como medio de comunicación. ¿ Identificar os posibles significados dunha imaxe. ¿ Aprender a coñecer as distintas	20	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicar emocións	<p>linguaxes visuais para poder expresarse a través delas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Experimentar coas posibilidades creativas e expresivas da linguaxe plástica na realización das súas propias obras. ¿ Diseñar producións propias demostrando a capacidade de construír cousas novas a partir de información previa e da iniciativa artística persoal. ¿ Valorar as manifestacións artísticas que forman parte do noso patrimonio cultural a través da arte que nos deixaron os nosos antepasados, así como as obras do noso tempo. ¿ Participar en proxectos de grupo, con actitude de respecto, tolerancia e flexibilidade, para acadar un obxectivo común. ¿ Aprender a utilizar as novas tecnoloxías como fonte de información. 	20	12	X		
2	Soños, fantasía e imaxinación	<p>Recoñecer e valorar manifestacións artísticas nas distintas áreas da cultura.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Identificar, analizar e valorar as características principais do movemento surrealista. ¿ Entender os conceptos de simetría e de proporción para poder apicalos na realización de traballos. ¿ Usar as TIC para a produción de creacións propias e como fonte de consulta. ¿ Explorar os posibles significados dunha imaxe. ¿ Experimentar coas posibilidades plásticas e expresivas dos elementos da linguaxe plástica para crear os seus propios deseños. Grazas a isto, demostrará a capacidade de construír cousas novas a partir de información previa. ¿ Desenvolver de forma cooperativa un proxecto artístico aplicando as técnicas aprendidas, traballadas con creatividade, e participando nun proxecto común. ¿ Recoñecer e valorar as manifestacións artísticas que forman parte do noso patrimonio cultural a través da arte que nos deixaron os nosos antepasados, así como as obras do noso tempo. 	30	12		X	
3	Engánanos a vista?	<p>Coñecer os elementos básicos da xeometría e aprender a manexar con soltura a regra, o escuadro, o cartabón e o compás.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Experimentar de forma creativa cos elementos xeométricos. ¿ Identificar formas xeométricas na 	50	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Engáñanos a vista?	natureza, estudando as súas características e posibilidades estéticas. ¿ Diseñar elementos decorativos axudándose dos coñecementos aprendidos. ¿ Apreciar nas representacións, tanto nas obras bidimensionais como nas tridimensionais, a expresividade e o movemento. ¿ Ver a xeometría como medio expresivo nas obras de arte. ¿ Desenvolver a capacidade creativa de reutilización de materiais. ¿ Diferenciar entre a realidade e a súa imaxe. ¿ Desenvolver proxectos artísticos de forma grupal aplicando as técnicas aprendidas, traballando con creatividade e participando nun proxecto común.	50	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comunicar emocións	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias utilizando imaxes e medios dixitais básicos	PE	60
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa ideas e sentimentos a través de producións artísticas propias		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue producións artísticas de diferentes xéneros	TI	40
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Manifesta emoción ante diferentes manifestacións artísticas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na creación de obras plásticas de forma cooperativa		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e unha actitude positiva.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, mostrando unha actitude positiva.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Soños, fantasía e imaxinación	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	PE	40
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características	TI	60
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais,		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa,		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos audiovisuais, a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Profesiões vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesiões vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.

Contidos

- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.

UD	Título da UD	Duración
3	Engáñanos a vista?	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias utilizando imaxes e medios dixitais básicos	PE	50
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Deseña producións artísticas traballando de forma cooperativa utilizando diferentes técnicas artísticas		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Busca información sobre manifestacións artísticas e culturais a través de distintas canles.	TI	50
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza o patrimonio da contorna e fai valoracións sobre o mesmo.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Deseña producións artísticas traballando de forma cooperativa		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos explicando o proceso de elaboración.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Utiliza estratexias de busca de información a través de diferentes canles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os elementos característicos de distintas manifestacións culturais		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Deseña producións artísticas traballando de forma cooperativa utilizando diferentes técnicas artísticas desde a igualdade e o respecto á diversidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. - Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (vídeos, visitas virtuais a museos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital, proxector e ordenador da mestra
miniportátiles do alumnado
Libro dixital
Visita a igrexas, castelo e catedral.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías. O alumnado dispón de miniportátiles que favorecen a busca de información, imaxes, visitas virtuais a museos, monumentos,...

As saídas para realizar as visitas ás igrexas de Hospital e A ermida, ao castelo de Ponferrada e á catedral de Santiago de Compostela supoñen un valioso recurso para coñecer e valorar en directo estas construcións coas súas características artísticas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisión dos informes individualizados do alumno do curso anterior.

Realizarase unha proba durante as 2 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	60	40	50	49
Táboa de indicadores	40	60	50	51

Criterios de cualificación:

Unha gran parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/ pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD 1 - Taboa de indicadores. 40%, proba escrita: 60%

-2º trim.: UD 2 - Taboa de indicadores. 60%, proba escrita: 40%

-3º trim.: UD 3 - Taboa de indicadores. 50%, proba escrita: 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase coa media ponderada destas avaliacións, do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Realizarase un redondeo da nota final no caso de ser necesario.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. O procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non fosen acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. A aula de 5º de primaria disporá este curso académico con profesorado PROA+ profesorado de PT e AL. De ser necesario deberíase ter en conta a dispoñibilidade do profesorado para apoios dentro da aula para poder ampliar o RE.

.Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado procedente do estranxeiro, deberá seguir un plan de inmersión lingüística e reforzo específico.

O ter EDIXGAL na aula facilita que cada alumno/a realice tarefas graduais e máis persoalizadas acordes coas súas capacidades persoais, podendo ampliar ou reforzar aspectos determinados.

O modelo de traballo por equipos colaborativos permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que uns axúdanse aos outros.

Nas actividades grupais prestarase especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignaráselle maior responsabilidade a aqueles con maior destreza neste eido, se ben todos e todas deberán pasar por ese rol nalgún momento, dándolle as ferramentas oportunas.

Cando o alumnado non poida asistir ao centro docente por causas xustificadas terá atención virtual por EDIXGAL, videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación por mensaxería Abalar e/ou por correo corporativo.

Posto que cada estudante difire doutros na súa forma de procesar a información, de relacionarse cos demais e o seu entorno, de percibir sentimentos e emocións e de manifestar unha ou outras habilidades, é preciso seguir un modelo inclusivo que pretende adaptarse a calquera estudante baixo calquera situación.

Así, seguiranse as seguintes pautas do Deseño Universal de Aprendizaxe:

- Variar o nivel de esixencia
- Fomentar a colaboración.
- Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá e desenvolver a autoavaliación e a reflexión.
- Clarificar o vocabulario e os símbolos.
- Activar coñecementos previos, destacar características fundamentais, ideas principais, palabras clave, ...
- Realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos,...
- Guiar o procesamento da información, a visualización e a manipulación.

O protocolo de protección de datos estará presente en todo momento e en cada unha das actuacións, así como calquer outro protocolo que poida ser necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.5 - Educación para un consumo responsable	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á igrexa da Ermida e á igrexa de Hospital	Visita ás igrexas de A Ermida e Hospital para coñecer unhas construcións salientables en Quiroga.	X		
Obradoiro de cómic	Participación do alumnado nun obradoiro de cómic a desenvolver na biblioteca do centro.	X		
Visita ao castelo de Ponferrada.	Visita ao castelo de Ponferrada que posúe un estado de conservación que permite coñecer as diferentes partes de que consta un castelo.		X	
Visita á catedral de Santiago de Compostela, ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres.	Coñecer a catedral de Santiago por dentro para valorar o seu conxunto arquitectónico. Visita ao Museo do Pobo Galego, un espazo que recolle elementos da nosa etnografía, cultura e tradición.	X		

Observacións:

Con estas actividades complementarias preténdese poñer en contacto ao alumnado con distintas manifestacións artísticas e culturais e procurando, entre outras, espertar e desenvolver no alumnado a sensibilidade estética.

As saídas para visitar ás igrexas de Hospital e A Ermida, o castelo de Ponferrada e a catedral de Santiago de Compostela están relacionadas con:

CA1.1 : " Distinguir propostas artísticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas".

CA1.2 : " Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas explorando as súas características con interese".

CA1.3 : Selección e aplicar estratexias para a procura da información sobre manifestacións culturais e artísticas".

CA1.4 : " Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas".

CA1.5. " Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas, a partir da súa análise".

CA1.6 : " Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas, interiorizando as normas elementais de comportamento mostrando unha actitude positiva".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos ?
Medidas de atención á diversidade
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?

Descrición:

A valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- >Grao de adquisición de competencias na área.
- >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
- >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
- >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación serán levadas a cabo nas reunións de equipo de ciclo e recollerase nas actas das mesmas. Inclúiranse as medidas de atención á diversidade, se se introduciron, as modificacións, modificación do número de sesións, ... e as propostas de mellora na aplicación Proens. Esta acción terá

unha periodización mensual ao remate de cada UD .

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados